

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Orde do ___ de ___ de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), establece no punto sexto da súa disposición derradeira quinta, relativa ao calendario de implantación, que as modificacións introducidas nas condicións de acceso e admisión ás ensinanzas reguladas na devandita lei orgánica, entre elas as de formación profesional, serán de aplicación no curso escolar 2016-2017.

Así mesmo, na alínea trinta e catro da Lei orgánica 8/2013, modifícase o artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), sobre condicións de acceso e admisión para os ciclos formativos de formación profesional, ao recoller novos requisitos de acceso e determinar que, sempre que a demanda de prazas en ciclos formativos de grao medio e de grao superior supere a oferta, as administracións educativas poderán establecer procedementos de admisión ao centro docente.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, regula no seu capítulo IX o acceso á formación profesional, e, no seu capítulo X, a admisión e a matrícula nos ciclos formativos. Neste decreto non se recollen as modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013.

Con este novo marco normativo e con o obxecto de actualizar e unificar a regulación en materia de admisión aos ciclos formativos da formación profesional do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia, faise necesario establecer unha nova regulación que substitúa a establecida na Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, así como na Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso das competencias que lle confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPÓN:

CAPÍTULO I

ASPECTOS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta orde ten por obxecto regular o procedemento de admisión do alumnado en réxime ordinario e para as persoas adultas nos ciclos formativos de formación profesional de grao medio e grao superior nos centros docentes públicos e centros privados que teñan estas ensinanzas concertadas na

Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Determinación do número de prazas dispoñibles.

1. As persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria determinarán o número de prazas dispoñibles:

a) No réxime ordinario. En cada un dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional sostidos con fondos públicos que se vaian impartir na Comunidade Autónoma de Galicia en cada curso escolar, consonte a capacidade dos centros, así como o establecido no seu réxime de autorización e o número de unidades concertadas.

b) No réxime para as persoas adultas. En cada un dos módulos profesionais dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior sostidos con fondos públicos que se vaian impartir na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con carácter xeral, o número de prazas dispoñibles non se verá alterado pola existencia de alumnado repetidor. Non obstante, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, por solicitude do centro e con informe da inspección educativa, poderá determinar que as prazas ocupadas polo alumnado repetidor diminúan as prazas dispoñibles cando estea xustificado por razóns de espazo, de equipamento ou de seguridade. En todo caso, a resolución desta solicitude será anterior á publicación da listaxe da primeira adxudicación do período ordinario.

3. De acordo coa planificación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e con anterioridade á apertura dos prazos fixados para a presentación de solicitudes, o/a director/ora do centro docente público ou a persoa titular do centro con ensinanza concertada farán difusión dos ciclos formativos que se ofrezan no seu centro e do número de prazas dispoñibles para cada un deles, así como dos módulos profesionais en oferta parcial, con especificación da modalidade.

Artigo 3. Distribución das prazas dispoñibles no réxime ordinario.

1. Para a adxudicación de prazas no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior polo réxime ordinario estarase ao seguinte:

a) Estableceranse tres cotas de reserva: unha xeral, outra para persoas con discapacidade legalmente recoñecida maior ou igual ao 33 % e outra para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

b) Para cada cota establécense tres grupos segundo o tipo de requisitos de acceso:

1º. Grupo A. Ata un 70 % das prazas ofreceráselles ás persoas que teñan o título de bacharelato, para os ciclos formativos de grao superior, e que teñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, para os ciclos formativos de grao medio.

2º. Grupo B. Un 20 % das prazas ofreceráse a quen posúa un título de técnico de formación profesional, no caso dos ciclos formativos de grao superior, e a quen teña un título profesional básico ou teña o acceso a ciclos de grao medio dun programa de cualificación profesional inicial, no caso de ciclos formativos de grao medio.

3º. Grupo C. Un 10 % das prazas ofreceráse a quen teña superada a proba de acceso para os ciclos formativos de grao medio ou a proba de acceso para os ciclos formativos de grao superior, ou a quen teña outros requisitos de acceso recollidos na normativa.

2. De quedaren prazas sen adxudicar nalgún grupo, adxudicaranse primeiro ás persoas demandantes do grupo A, logo ás do grupo B e, finalmente, ás do grupo C, ata a adxudicación total das prazas. Se tras o proceso aínda quedaren prazas dispoñibles, ofreceranse como prazas liberadas. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

3. Do total de prazas que se ofrecen, reservarase un 10 % para persoas que teñan legalmente recoñecida unha discapacidade maior ou igual a 33 %, respectando a distribución de prazas realizada a partir das porcentaxes fixadas para os grupos A, B e C. Cando non sexa posible establecer números enteiros de prazas para estas porcentaxes e o número de postos por esta reserva sexa inferior a tres, a orde de adxudicación será primeiro para demandantes do grupo A, logo do grupo B e, final-

mente, do grupo C.

As prazas reservadas ás persoas con discapacidade que non resultaren cubertas acumularanse aos grupos segundo a letra que corresponda da cota xeral. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

4. Con carácter xeral, todos os ciclos formativos poderán dispor dun 5 % adicional de prazas reservadas para as persoas que cumpran os requisitos de deportista galego de alto nivel, segundo o establecido no Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro. Para estes efectos, os/as deportistas nacionais de alto nivel recibirán o mesmo tratamento, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo.

A adxudicación destas prazas respectará a distribución de prazas realizada a partir das porcentaxes fixadas para os grupos A, B e C. Cando non sexa posible establecer números enteiros de prazas para estas porcentaxes e o número de postos por esta reserva sexa inferior a tres, a orde de adxudicación será primeiro para demandantes do grupo A, logo do grupo B e, finalmente, do grupo C.

Artigo 4. Distribución das prazas dispoñibles no réxime para as persoas adultas.

Para a adxudicación de prazas no proceso de admisión, na oferta modular de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional polo réxime de persoas adultas haberá tres cotas de reserva, que serán as mesmas e coas mesmas porcentaxes que as definidas para o réxime ordinario. Dentro de cada cota, o alumnado ordenarase segundo o baremo establecido no artigo 11. Se houber vacantes nalgunha das cotas reservadas, estas acumularanse á cota xeral. A adxudicación de prazas vacantes poderase realizar desde a primeira adxudicación de prazas.

Artigo 5. Información relativa ao proceso de admisión.

1. Os centros docentes con ciclos formativos de formación profesional sostidos con fondos públicos deberán dar unha información exhaustiva de todo o proceso de admisión do alumnado, ex-

pondo nos seus taboleiros de anuncios o seguinte:

- a) Normativa reguladora da admisión e da matrícula do alumnado.
- b) Oferta global de ciclos formativos de grao medio e de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Calendario de realización das fases do proceso de admisión e matrícula, nomeadamente as datas de publicación das listaxes de persoas admitidas e os prazos de reclamación.

2. A información mencionada no número anterior poderá consultarse na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>. Neste mesmo enderezo, as persoas solicitantes poderán consultar toda a información relativa ao proceso centralizado de admisión.

3. O centro de inscrición será o referente das persoas solicitantes durante todo o proceso ata que se formalice a matrícula.

CAPÍTULO II

REQUISITOS DE ACCESO

Artigo 6. Requisitos de acceso aos ciclos formativos de grao medio en réxime ordinario.

1. Para acceder aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional requirirase estar en posesión dalgún dos seguintes requisitos:

- a) Título de ESO (LOE ou LOXSE).
- b) Título de ESO con avaliación final pola opción de ensinanzas aplicadas (LOMCE).
- c) 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes nos dous cursos.
- d) 2º curso de primeiro ciclo experimental da REM.
- e) Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, 3º curso do plan de estudos de 1963 ou

2º curso de comúns experimental.

f) Título profesional básico.

g) Módulos obrigatorios dun PCPI.

h) Algún dos citados no artigo 7.

i) Outros estudos declarados equivalentes, para os efectos académicos, a algún dos anteriores.

2. Tamén poderán acceder aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional as persoas que superasen:

a) O curso de formación específico para o acceso a ciclos formativos de grao medio.

b) A proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional, a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.

Artigo 7. Requisitos de acceso aos ciclos formativos de grao superior en réxime ordinario.

1. Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requirirase estar en posesión dalgún dos seguintes requisitos:

a) Título universitario.

b) Título de técnico superior ou de técnico especialista.

c) Título de bacharelato LOXSE, de bacharelato LOE ou de bacharelato LOMCE.

d) Certificado de superación de todas as materias do bacharelato LOMCE.

e) COU/PREU/bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes.

f) BUP.

g) Título de técnico.

h) Outros estudos declarados equivalentes, para os efectos académicos, a algún dos anteriores.

2. Tamén poderán acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional as persoas que superasen a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional ou a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Artigo 8. Requisitos de acceso aos módulos profesionais dos ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas.

1. Segundo o establecido no artigo 43 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, poderá incorporarse á oferta polo réxime para as persoas adultas quen teña feitos dezaioito anos ou os faga no ano natural en que comece o curso escolar.

Excepcionalmente, poderán acceder as persoas maiores de dezaseis anos que o soliciten e teñan un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos polo réxime ordinario, ou sexan deportistas de alto rendemento. As persoas que accedan por esta condición poderán matricularse no caso de haber prazas liberadas con autorización da inspección educativa.

2. Con carácter xeral, as condicións de acceso á oferta por este réxime serán as mesmas que as establecidas para o réxime ordinario nos artigos 6 e 7 desta orde.

3. Malia o anterior, coa finalidade de facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión de persoas e de grupos desfavorecidos no mercado de traballo, poderán acceder á oferta parcial sen cumprir os requisitos académicos de acceso as persoas adultas que desexen cursar ofertas de módulos profesionais incluídos en títulos e asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As persoas que accedan por esta condición poderán matricularse no caso de haber prazas liberadas, sempre que acrediten unha experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo que desexen cursar. Esta formación será acumulable para a

obtención dun título de formación profesional, pero para obtelo cumprirá acreditar os requisitos académicos de acceso correspondentes.

Artigo 9. *Selección do requisito de acceso.*

1. En caso de que a persoa solicitante teña máis dun requisito de acceso dos establecidos nos artigos 6 e 7 desta orde, terá que seleccionar o que se vaia empregar para o proceso de admisión, de acordo coa orde en que aparecen nos anexos I e II, segundo corresponda, desta orde.

2. De non presentar a documentación consonte o establecido no punto anterior, as solicitudes serán excluídas do proceso de admisión.

3. O cálculo da nota de acceso para os efectos de admisión aterase ao disposto no capítulo sexto desta orde.

CAPÍTULO III

CRITERIOS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

Artigo 10. *Criterios xerais.*

1. O proceso de admisión do alumnado no primeiro curso do réxime ordinario e no réxime para as persoas adultas nos centros con ciclos de formación profesional sostidos con fondos públicos terá carácter centralizado e estará coordinado e supervisado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

2. A admisión do alumnado no segundo curso do réxime ordinario, no módulo profesional de FCT e no módulo de Proxecto, corresponde:

a) Nos centros públicos, ao/á director/ora, consonte o disposto no artigo 132.n) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Ademais, o Consello Escolar, de existir este órgano colexiado, ten a

competencia de informar, consonte o disposto no artigo 127.e) da devandita lei.

b) Nos centros privados con ciclos de formación profesional concertados, a admisión do alumnado correspóndelle a quen exerza a súa titularidade, e o Consello Escolar participará no proceso garantindo o cumprimento das normas de admisión, consonte o disposto no artigo 57 c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, logo da modificación establecida pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Con este fin, o referido Consello Escolar asesorará a quen exerza a titularidade do centro, que será responsable do cumprimento das citadas normas.

3. En ningún caso haberá discriminación na admisión do alumnado por razóns ideolóxicas, relixiosas, morais, sociais, de sexo, de raza nin de nacemento.

4. Os/as directores/as dos centros docentes públicos ou quen exerza a titularidade dos centros privados concertados poderán requirir ás persoas solicitantes a documentación que coiden oportuna para a xustificación das situacións e das circunstancias alegadas.

5. As persoas participantes no proceso de admisión que falsifiquen ou oculten datos serán excluídas do proceso.

6. Nos centros docentes onde houber suficientes prazas dispoñibles para atender todas as solicitudes presentadas admitiranse todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso establecidos nesta orde. Só se aplicarán os criterios de prioridade no caso de que non haxa nos centros prazas suficientes para atender todas as solicitudes de ingreso, e establecerase a valoración obxectiva que lle corresponda a cada solicitante de acordo cos artigos 11, 12 e 13 desta orde.

7. Con carácter xeral, non poderá condicionarse a admisión do alumnado ao resultado de probas ou exames, bardante as recollidas no artigo 6 desta orde. Quedarán exceptuados, de acordo coa disposición adicional primeira desta orde, os ciclos formativos que, polas súas peculiaridades, poidan supor un risco para o alumnado, por requirirse determinadas condicións físicas ou psíquicas.

8. O alumnado matriculado nun determinado ciclo formativo polo réxime ordinario terá dereito a permanecer escolarizado no devandito ciclo formativo no mesmo centro docente no seguinte curso escolar, sen necesidade de se someter a un novo proceso de admisión, nas condicións que se establecen no artigo 4 da Orde do 12 de xullo de 2011. Para tal fin, deberase solicitar a reserva de praza para o curso seguinte no período ordinario establecido no artigo 14 desta orde.

9. O alumnado matriculado no réxime para as persoas adultas en oferta parcial nas modalidades presencial, semipresencial ou a distancia non terá dereito á reserva de praza para o curso seguinte. En caso de continuar os seus estudos, deberase someter a un novo proceso de admisión.

10. Anualmente, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicará os criterios de desempate para cada ciclo formativo con anterioridade á primeira adxudicación de prazas.

Artigo 11. Criterios de prioridade en ciclos formativos de grao medio polo réxime ordinario.

1. De non existir prazas suficientes para atender todas as solicitudes, cumprirá establecer unha orde de prioridade no acceso para o ciclo de grao medio solicitado para cada un dos grupos especificados no artigo 3. As titulacións equivalentes que non se mencionan pertencerán ao mesmo apartado que a titulación coa que teñan equivalencia.

a) Grupo A. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso:

1º. Alumnado con título de graduado en educación secundaria obrigatoria con superación da avaliación final de educación secundaria obrigatoria pola opción de ensinanzas aplicadas.

2º. Alumnado con título de graduado en educación secundaria obrigatoria obtido con anterioridade á implantación da avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

3º. Outras titulacións equivalentes para os efectos de acceso neste grupo:

- Alumnado con título de técnico auxiliar.
- Alumnado cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos de BUP.
- Alumnado con título de bacharelato superior.
- Alumnado que superase, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o terceiro curso do plan de 1963 ou o segundo de comúns experimental.

b) Grupo B. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso:

- 1º. Alumnado con título de formación profesional básica que recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao ciclo formativo de grao medio que se solicita.
- 2º. Alumnado con título de formación profesional básica que non recolla no seu currículo ter preferencia na admisión ao ciclo formativo de grao medio que se solicita.
- 3º. Alumnado que superase os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial.

c) Grupo C. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso:

- 1º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou con curso de formación específico para o acceso a ciclos formativos de grao medio.
- 2º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
- 3º. Alumnado con proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos. Proba de acce-

so a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño

4º. Alumnado con título de técnico.

5º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato regulado na Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

6º. Alumnado con título de bacharelato.

7º. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.

8º. Alumnado con título universitario.

2. En caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo posto escolar, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante as letras de desempate da resolución do sorteo público para os procesos de admisión que anualmente publica a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa.

Artigo 12. *Criterios de prioridade en ciclos formativos de grao superior polo réxime ordinario.*

1. De non existir prazas suficientes para atender todas as solicitudes, cumprirá establecer unha orde de prioridade no acceso para o ciclo de grao superior solicitado para cada un dos grupos especificados no artigo 3. As titulacións equivalentes que non se mencionan pertencerán ao mesmo apartado que a titulación coa que teñan equivalencia.

a) Grupo A. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso:

1º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, e coas materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo. A nota media, de maior a menor, das materias

vinculadas empregárase nos casos de empate da nota media do bacharelato.

2º. Alumnado con título de bacharelato da modalidade preferente, pero sen algunha das materias vinculadas, que se determina no currículo do ciclo.

3º. Alumnado con título de bacharelato sen modalidade preferente das determinadas no currículo do ciclo. Alumnado que superase COU ou PREU.

4º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) da modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo.

5º. Alumnado con certificado acreditativo de ter superadas todas as materias do bacharelato (regulado na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) sen a modalidade preferente que se determina no currículo do ciclo.

6º. Alumnado con título de bacharelato unificado e polivalente (BUP).

b) Grupo B. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso (no caso de posuír máis dun título de técnico de formación profesional terá que escoller o que desexe alegar como condición de acceso):

1º. Alumnado con título de técnico de formación profesional da mesma familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

2º. Alumnado con título de técnico de formación profesional de diferente familia profesional que o ciclo formativo de grao superior que se solicita.

c) Grupo C. Relación ordenada de requisitos de acceso de maior a menor prioridade. Dentro de cada apartado, as solicitudes ordenaranse de maior a menor nota de acceso:

1º. Alumnado con proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación pro-

fesional.

2º. Alumnado con proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.

3º. Alumnado con título de técnico superior ou de técnico especialista.

4º. Alumnado con título universitario.

2. En caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo posto escolar, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante as letras de desempate da resolución do sorteo público para os procesos de admisión que anualmente publica a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa.

Artigo 13. *Criterios de prioridade na oferta parcial de módulos polo réxime para as persoas adultas.*

1. Cando nos centros non existan prazas suficientes para cada un dos módulos profesionais para atender todas as solicitudes, aplicarase o seguinte baremo, co que se elaborará a listaxe para adxudicación de prazas ordenadas de maior a menor puntuación:

a) Por cumprir os requisitos de acceso a que se refire o artigo 8 desta orde: 10 puntos.

b) Pola experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo puntuarase con 0,25 puntos por cada 30 días, ata un máximo de 15 puntos.

c) Por módulos xa acreditados do ciclo formativo: 2 puntos por cada módulo.

d) Por unidades de competencia obtidas por participar nos procesos de acreditación de competencias que dean lugar a validación de módulos profesionais do ciclo formativo que se solicita: 2 puntos por cada módulo que fose validable.

2. En caso de empate entre varias persoas que soliciten un mesmo posto escolar, e co obxectivo

de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante as letras de desempate da resolución do sorteo público para os procesos de admisión que anualmente publica a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa.

Anualmente, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicará os criterios de desempate en cada ciclo formativo con anterioridade á primeira adxudicación de prazas.

3. O alumnado que desexe repetir un módulo profesional polo réxime para as persoas adultas deberá someter a un novo proceso de admisión, sempre que non esgotase o número de convocatorias a que ten dereito, segundo se establece no artigo 4 da Orde do 12 de xullo de 2011.

CAPÍTULO IV

PERÍODOS DO PROCESO DE ADMISIÓN E DOCUMENTACIÓN

Artigo 14. *Períodos do proceso de admisión.*

1. Con carácter xeral e con independencia do réxime solicitado (ordinario ou de persoas adultas), establécense dous períodos para o desenvolvemento do proceso de admisión:

- Período ordinario: do 25 de xuño ao de 31 xullo.

- Período extraordinario: do 1 de setembro ata un mes despois do comezo das actividades lectivas en ciclos formativos, segundo se estableza no calendario escolar que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica para cada curso académico.

2. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elaborará un calendario con todos os eventos do proceso de admisión, ao que lle dará publicidade segundo o dis-

posto no artigo 5.

3. Quen presente a solicitude no período ordinario sempre terá preferencia sobre quen a presente no período extraordinario.

4. No réxime ordinario unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra algún dos requisitos especificados nos artigos 6 e 7 desta orde antes do remate do prazo de entrega de solicitudes de admisión do período correspondente.

5. No réxime para as persoas adultas, unicamente poderán presentar a solicitude de admisión as persoas que cumpran os requisitos especificados no artigo 8 desta orde antes do remate do prazo de entrega de solicitudes de admisión do período correspondente.

Artigo 15. Presentación de solicitudes para o primeiro curso do réxime ordinario.

1. As solicitudes deberán presentarse en papel na secretaría dun centro educativo con oferta de formación profesional de grao medio ou de grao superior sostida con fondos públicos. A solicitude de participación no procedemento farase empregando a aplicación informática subministrada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que se atopa no enderezo www.edu.xunta.es/fp. A solicitude, conforme o modelo que figura como anexo I, logo de ser cuberta e xerada pola aplicación, deberase imprimir para a súa presentación, xunto coa documentación que se indique na propia solicitude.

En caso de enviarse por correo, o envío da solicitude xerada desde a aplicación informática deberá ser certificado, co selo de Correos no encabezamento da primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión sexa anterior á finalización do prazo de presentación. Deberase xuntar copia compulsada do documento de identidade e da documentación que se precise. Neste caso será tamén necesario enviar a documentación completa que fose entregada en Correos por correo electrónico ao mesmo centro educativo ao que se dirixa a solicitude dentro do prazo de presentación de solicitudes.

2. Cada solicitante presentará unha única instancia por cada curso e grao no que desexe participar, na que constarán, por orde de preferencia, os ciclos que desexe cursar e os centros onde se impartan.

En caso de que a persoa solicitante presente máis dunha instancia por grao e curso, non se terá en conta ningunha delas e procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber praza. Procederase de igual xeito respecto das instancias que se presenten fóra de prazo.

3. Deberase xuntar á solicitude a seguinte documentación.

a) Fotocopia cotexada do documento de identificación: DNI ou NIE, no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidades, ou copia cotexada do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI nin NIE.

b) Quen solicite acceso por ter requisitos académicos a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior deberá achegar certificación oficial da titulación ou dos estudos requiridos para o acceso, na cal figuren as cualificacións das materias e na cal conste ter efectuado o depósito do título, de ser o caso. Só será necesario entregar as certificacións académicas cando así se indique ao cubrir a solicitude na aplicación informática ou no caso de que non se permita a súa consulta.

c) Quen solicite acceso mediante proba deberá achegar unha copia compulsada do certificado de superación da proba de acceso aos ciclos formativos solicitados no caso de non ter sido expedido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou non dar o consentimento para a súa consulta. As persoas que accedan por ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou acrediten a exención total da proba de acceso a ciclos formativos deberán presentar copia compulsada da correspondente certificación.

d) As persoas con discapacidade que opten ás prazas reservadas deberán presentar o correspondente certificado acreditativo de discapacidade só nos casos de non ter sido expedido por organismos dependentes da Xunta de Galicia ou de non dar o consentimento para a súa consulta.

e) Quen solicite praza por reserva adicional para deportistas de alto nivel ou de alto rendemento, consonte o establecido no artigo 9.3.a) do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, e no artigo 36.1.f) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, presentará certificación da resolución de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.

f) Quen alegue para o acceso directo titulacións homologadas ou en trámite de homologación, por correspondencia coas obtidas no estranxeiro, deberá xuntar a seguinte documentación:

- Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois, na que figure a nota para os efectos de acceso.

- Quen aínda non obtivese a credencial indicada anteriormente deberá achegar solicitude de inscrición condicional, segundo o modelo recollido como anexo II na Orde ECD/3305/2002, do 16 de decembro, pola que se modifican as do 14 de marzo de 1988 e do 30 de abril de 1996, para a aplicación do disposto no Real decreto 104/1988, do 29 de xaneiro. Nos estudos aos que desexa acceder deberán figurar ensinanzas de formación profesional.

4. Consonte o artigo 4.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano seguinte. Para tal fin, deberá presentar a solicitude segundo o establecido no punto 1 deste artigo.

5. O alumnado repetidor de primeiro curso que desexe formalizar a matrícula nun centro diferente deberá someterse a un novo proceso de admisión centralizado; presentará a solicitude segundo o establecido no punto 1 deste artigo.

Artigo 16. Presentación de solicitudes para o segundo curso do réxime ordinario.

1. O alumnado que se promova de 1º a 2º curso no mesmo centro deberá entregar a solicitude de reserva de praza para o segundo curso, de acordo co modelo do anexo I, no centro ao que vaia dirixido. Está solicitude non será cuberta a través da aplicación informática; xa que logo, non se trata

dun proceso centralizado. Cubrirase e entregárase no centro no que obteña a promoción de 1º a 2º curso.

2. Consonte o artigo 4.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano seguinte. Para tal fin, deberá presentar a solicitude segundo o establecido no punto 1 deste artigo.

3. O alumnado que se promova ao segundo curso e o repetidor de segundo curso que desexe formalizar a matrícula nun centro diferente deberá presentar nel a solicitude de admisión establecida no anexo I, e achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento de identificación: DNI, NIE, no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidades, ou copia cotexada do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI nin NIE.

- Certificación do centro de orixe coa baremación da nota de acceso ao ciclo. En caso de non a presentar, deberá ser baremado novamente polo centro en que solicite a praza, para o que deberá xuntar a documentación a que se fai referencia no artigo 14.

- Copia cotexada do informe de avaliación final de primeiro curso, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de promoción ao segundo curso.

4. As persoas solicitantes que cumpran os requisitos de acceso establecidos nos artigos 6 e 7 desta orde, procedentes do réxime para as persoas adultas ou que teñan acreditados módulos profesionais de primeiro curso adquiridos polo procedemento de recoñecemento da competencia profesional ou os superasen mediante probas libres, poderán presentar a solicitude de admisión directamente no segundo curso do ciclo formativo correspondente, sempre que cumpran os requisitos de promoción establecidos no artigo 4.2 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A solicitude presentarase no centro onde se desexe realizar a matrícula e axustarase ao modelo establecido no anexo I. Deberase presentar copia cotexada da certificación acreditativa dos módulos

xa superados, salvo no caso de que se cursasen nun centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e se autorice a súa consulta.

5. O alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de FCT (e/ou de Proxecto, no caso de ciclos de grao superior) poderá realizar unha segunda matrícula para estes módulos, nos períodos autorizados no mesmo ano académico, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias.

A matrícula deberá formalizarse no mes inmediatamente anterior ao comezo do correspondente período. O alumnado deberá presentar o modelo de solicitude que se recolle no anexo I da presente orde. Xuntarase á solicitude unha copia cotexada do informe de avaliación final de módulos de segundo curso, onde conste explicitamente que se cumpren os criterios de acceso aos módulos de FCT (e de Proxecto, no caso de ciclos de grao superior) no caso de presentar a solicitude nun centro distinto ao de orixe.

Artigo 17. Presentación de solicitudes do réxime para as persoas adultas.

1. Quen solicite módulos profesionais do réxime para as persoas adultas de grao medio ou de grao superior presentará, de ser o caso, unha solicitude de admisión para cada modalidade segundo o anexo II, nas que relacionará por orde de preferencia o centro e ciclo cos módulos profesionais que desexe cursar. En todo caso, a carga horaria total dos módulos profesionais nos que finalmente se matricule non poderá superar as 1.000 horas lectivas anuais, e sempre que se garanta a compatibilidade horaria do 90 % nos módulos solicitados, segundo se establece na Orde do 12 de xullo de 2011 no caso da modalidade presencial. En ningún caso poderá matricularse en módulos pertencentes a distintos ciclos formativos.

2. Para a presentación de solicitudes e documentación necesaria é de aplicación o disposto nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 15, pero empregarase o anexo II. Xuntarase ademais a seguinte documentación cando sexa necesaria:

a) Se a persoa solicitante acredita experiencia laboral, presentará Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ou da mutualidade laboral á que estivese afiliada, na que consten os días de cotización.

b) Se a persoa solicitante xa ten módulos superados do ciclo formativo, deberá presentar a correspondente certificación acreditativa só no caso de non ter sido expedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou non dar o consentimento para a súa consulta.

c) No caso de ter acreditadas unidades de competencia que dean lugar a validación de módulos do ciclo que se desexa cursar, deberá presentar certificación oficial na que se acrediten unidades de competencia relacionadas cos ciclos solicitados, só no caso de non ter sido expedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ou non dar o consentimento para a súa consulta.

CAPÍTULO V

RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

Artigo 18. *Admisión no primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario e no réxime para as persoas adultas.*

O proceso de admisión de alumnado no primeiro curso de grao medio ou de grao superior das ensinanzas de formación profesional inicial e nos módulos do réxime para as persoas adultas en centros educativos sostidos con fondos públicos realizarase pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa mediante sucesivas adxudicacións centralizadas das prazas vacantes, nos períodos ordinario e extraordinario.

O alumnado que optase a prazas reservadas para persoas con discapacidade asistirá a unha reunión individual convocada polo Departamento de Orientación do centro educativo que solicitase en

primeira opción. Será obrigatorio levar o certificado do grao de discapacidade e o ditame técnico facultativo á reunión. Tamén se poderá achegar outra documentación que se estime oportuno. A finalidade da reunión será que a persoa reciba información sobre o currículo das ensinanzas solicitadas, en particular sobre as dificultades que a consecuencia da discapacidade poidan aparecer para a adquisición dos resultados de aprendizaxe do ciclo. O Departamento de Orientación emitirá un informe, que proporcionará a persoa solicitante, no que constará unha orientación específica e se incluírá unha proposta razoada de escolarización en función das necesidades da persoa solicitante que, de ser o caso, poderá modificar a súa solicitude. De ser necesario poderase contar coa axuda do equipo de orientación específico da provincia.

Poderanse solicitar informes dos membros da inspección médica de cada delegación para valorar as solicitudes do alumnado con discapacidade e as posibles limitacións para poderen cursar con aproveitamento as ensinanzas, co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título.

Para a resolución do procedemento de admisión do alumnado ao primeiro curso do réxime ordinario e do réxime das persoas adultas realizaranse as seguintes actuacións:

1. Os centros docentes publicarán no taboleiro de anuncios as prazas que ofrezan en cada ciclo formativo, de acordo coa autorización recibida.

2. Durante os períodos ordinario e extraordinario de presentación de solicitudes a que se fai referencia no artigo 14 da presente orde, e analizada a documentación achegada polas persoas solicitantes, os centros verificarán os datos na aplicación informática de xestión facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A relación provisoria de solicitantes por orde alfabética, con indicación da puntuación conseguida e das opcións por prioridade, e a relación provisoria de excluídos/as publicaranse na páxina web www.edu.xunta.es/fp, no prazo máximo de cinco días hábiles desde a finalización da data de presentación de solicitudes de admisión, e isto servirá de notificación ás persoas interesadas.

3. Contra a devandita relación provisoria, as persoas solicitantes poderán presentar a correspondente reclamación, no prazo máximo de cinco días hábiles desde a súa publicación, perante a dirección do centro. Igualmente, nos centros privados concertados, durante este mesmo prazo, as persoas solicitantes poderán formular ante quen exerza a súa titularidade as alegacións que achen convenientes.

4. No devandito prazo, a dirección dos centros docentes públicos e quen exerza a titularidade dos centros privados concertados resolverán sobre as reclamacións presentadas e cargarán as relacións definitivas de solicitantes na aplicación informática de xestión, no prazo máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de reclamacións.

5. Logo de elaboradas as relacións de persoas solicitantes admitidas ás prazas ofrecidas, serán publicadas no taboleiro de anuncios dos centros educativos e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp> e isto servirá de notificación ás persoas interesadas.

6. As persoas que resultasen adxudicadas deberán ou ben matricularse ou ben renunciar á devandita adxudicación, conforme o establecido no artigo 19. Os centros docentes públicos, e os centros privados concertados gravarán a relación de alumnos e alumnas que formalicen matrícula ou renuncien á adxudicación mediante as aplicacións informáticas de xestión que corresponda.

7. A partir da información existente na aplicación informática de xestión sobre solicitudes, matrículas e renuncias realizaranse sucesivas adxudicacións de prazas durante os períodos ordinario e extraordinario.

8. O alumnado que repita o primeiro curso por primeira vez no mesmo centro terá a praza garantida e deberá formalizar a súa matrícula coincidindo co período de matriculación relativo á primeira adxudicación de prazas.

Con posterioridade á derradeira adxudicación centralizada, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa determinará un sistema de adxudicación continuada

coa finalidade de rematar de xeito ordenado e con rapidez o procedemento de adxudicación das vacantes residuais que aínda existiran.

Artigo 19. Resolución do procedemento de admisión de solicitantes ao segundo curso dos ciclos formativos polo réxime ordinario.

Para a resolución do procedemento de admisión do alumnado ao segundo curso dun ciclo formativo de grao medio ou de grao superior polo réxime ordinario, cando non haxa prazas suficientes, realizaranse as seguintes actuacións:

1. Logo de finalizado o prazo ordinario de presentación de solicitudes de admisión e analizada a documentación presentada con estas, a dirección de cada centro docente público ou quen exerza a titularidade dos centros privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro educativo a relación provisoria de solicitantes, con indicación de todas as circunstancias que acrediten o cumprimento dos requisitos de acceso e criterios de prioridade. Esta publicación realizarase no prazo máximo de catro días hábiles desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. O alumnado solicitante poderá presentar ante a dirección do centro a correspondente reclamación no prazo máximo de cinco días hábiles desde tal publicación. Igualmente, nos centros privados concertados, durante este mesmo prazo, os alumnos e as alumnas solicitantes poderán formular ante quen exerza a titularidade do centro as alegacións que se coiden convenientes.

3. A dirección do centro docente público e quen exerza a titularidade dos privados concertados publicarán no taboleiro de anuncios do centro a resolución definitiva coa relación de alumnado admitido e excluído, na cal se recollerán os requisitos de acceso e os criterios de prioridade que correspondan. A citada resolución servirá de notificación ás persoas interesadas e exporase no taboleiro de anuncios do centro correspondente.

4. O prazo máximo de matriculación para as persoas adxudicatarias será de catro días hábiles.

5. A dirección do centro docente público e quen exerza a titularidade dos privados concertados xerarán novas relacións ordenadas de solicitantes, que se publicarán no taboleiro de anuncios do centro. A publicación da devandita resolución servirá de notificación ás persoas interesadas.

6. O alumnado que repita o segundo curso por primeira vez no mesmo centro terá a praza garantida e deberá formalizar a súa matrícula coincidindo co período de matriculación relativo á primeira adxudicación de prazas. Igual reserva de praza terá o alumnado que se promova no mesmo centro ao segundo curso para o ano académico seguinte.

Artigo 20. Matriculación e renuncia á adxudicación.

1. As persoas con praza adxudicada en cada fase do proceso teñen a obriga de formalizar a matrícula nos prazos que se indiquen. Para iso, poderán obter da aplicación informática un resumo individualizado da adxudicación que asinarán e entregarán no centro no que fosen admitidos.

2. No primeiro curso do réxime ordinario, quen non fose admitido na praza solicitada en primeiro lugar poderá renunciar á praza outorgada nos mesmos prazos establecidos para a matrícula a que fai referencia o punto anterior. Esta renuncia implica tamén desistir de todas as demais prazas solicitadas en opcións de menor preferencia a esa, permanecendo nas listas de espera das opcións con maior prioridade. Para iso poderán obter da aplicación informática un resumo individualizado da adxudicación, no que marcarán a renuncia, e que asinarán e entregarán nun centro con oferta de formación profesional de grao medio ou de grao superior sostida con fondos públicos. Na páxina www.edu.xunta.es/fp haberá habilitado un procedemento telemático para poder efectuar a renuncia.

3. As persoas solicitantes admitidas que non se matriculen ou non presenten renuncia no prazo indicado quedarán excluídas do proceso de admisión e procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

4. No caso das adxudicacións de módulos do réxime para as persoas adultas correspondentes ao período ordinario, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

poderá determinar un procedemento de reserva ou renuncia telemático. As persoas que reservasen módulos e non se matricularan deles no período ordinario deberán formalizar estas matrículas antes do remate do prazo de presentación de solicitudes do período extraordinario. En caso contrario perderán o seu dereito sobre os módulos reservados.

5. Logo de realizada unha matrícula non se continuará participando no proceso de admisión, agás o establecido para as matrículas simultáneas.

6. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que haxa unha cantidade mínima de alumnado, que a Administración educativa determine, para cada un dos ciclos formativos de graos medio ou superior.

Artigo 21. Proceso de admisión en ciclos formativos ou módulos profesionais con prazas liberadas.

O alumnado que, cumprindo os requisitos de acceso, non formalizase a solicitude de admisión nos prazos correspondentes, así como aquel que, obtendo adxudicación e resultando adxudicatario dunha praza, non se matriculase nin renunciase dentro do prazo establecido poderá matricularse unicamente naqueles ciclos formativos polo réxime ordinario ou módulos profesionais polo réxime para as persoas adultas que teñan a condición de liberados, é dicir, aqueles en que existan prazas vacantes e carezan de lista de espera, ata se cubriren as prazas ofrecidas e coa data límite que determine a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Os centros efectuarán a matrícula por rigorosa orde de chegada das solicitudes.

A relación dos ciclos formativos para o primeiro curso e módulos coa condición de liberados, así como o número de prazas dispoñibles en cada un deles, poderase consultar nos períodos correspondentes na páxina web www.edu.xunta.es/fp.

CÁLCULO DA NOTA DE ACCESO

Artigo 22. *Acceso mediante titulacións obtidas no ámbito do territorio do Estado español.*

No caso de que a aplicación informática que dá soporte ao proceso de admisión non dispoña dos datos da persoa solicitante necesarios para o cálculo da nota de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior, cumprirá entregar a documentación xustificativa segundo o requirido no capítulo IV. Con esta documentación, o centro onde se entregase a solicitude serán os encargados de realizar a baremación dos requisitos académicos, consonte ao seguinte:

1. De xeito xeral, a nota para o acceso exprésase como media aritmética das cualificacións medias das materias de todos os cursos que integran os respectivos plans de estudos necesarios para o acceso, con dúas cifras decimais.

Sempre que cumpra transformar cualificacións cualitativas en cuantitativas para a obtención da nota de acceso, empregaranse as seguintes equivalencias: moi deficiente = 2; insuficiente = 4; suficiente = 5,5; ben = 6,5; notable = 7,5; sobresaliente e matrícula de honra = 9.

2. Na baremación dos expedientes académicos correspondentes a titulacións obtidas en España que permitan o acceso en que figure validación parcial de cursos ou materias por correspondencia cos estudos realizados no estranxeiro, non se terán en conta as materias nin os cursos validados.

3. No caso das persoas solicitantes que cursasen a educación secundaria obrigatoria que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, será a puntuación obtida como media aritmética das cualificacións logradas nas áreas, nas materias e nos ámbitos do cuarto curso, agás a materia de relixión, expresada con dúas cifras decimais. No caso das ensinanzas da educación secundaria obrigatoria da educación de adultos, só se terán en conta as notas obtidas nos tres ámbitos de coñecemento.

No caso das persoas solicitantes que obteñan o título de educación secundaria obrigatoria por en-

sinanzas aplicadas establecido na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro empregárase para o acceso a nota que figure no devandito título.

4. Para o alumnado procedente do segundo curso do bacharelato unificado e polivalente, a nota media do expediente obterase dividindo entre dous a suma da nota media dos cursos primeiro e segundo do BUP.

5. Para o alumnado procedente do bacharelato unificado e polivalente, a nota media do expediente obterase dividindo entre tres a suma da nota media de cada un dos cursos de BUP.

6. Para o alumnado procedente do curso de orientación universitaria, a nota media do expediente obterase dividindo entre catro a suma da nota media de cada un dos cursos de BUP mais a de COU. No caso de PREU, obterase dividindo entre tres a suma da nota media de quinto de bacharelato, sexto de bacharelato e PREU.

7. No caso do alumnado solicitante que cursase o bacharelato que se establece na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, ou de ter o certificado de superación das materias do bacharelato da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, a nota media do expediente obterase coa media aritmética das cualificacións logradas nas materias de ambos os cursos, agás a materia de relixión ou a súa alternativa, expresada con dúas cifras decimais.

No caso das persoas solicitantes que obteñan o título de bacharelato establecido na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro empregárase para o acceso a nota que figure no devandito título.

8. No caso do alumnado que tivera superados os módulos obrigatorios dun PCPI regulados na orde do 13 de xullo de 2011 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia, a nota de acceso será a media das cualificacións obtidas nos módulos obrigatorios.

9. Para o alumnado que obtivera títulos de formación profesional de grao básico, de grao medio ou de grao superior, como nota de acceso empregárase a nota media do título calculada con dous

decimais.

10. As persoas solicitantes que pretendan acceder a un ciclo formativo mediante a superación da proba de acceso e que presenten certificacións expresadas coa cualificación de apto ou apta participarán no proceso mediante a transformación desa cualificación na puntuación de 5,00.

11. A nota de acceso que se empregará no caso de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño será de 5,00.

12. O alumnado procedente do sistema universitario de Galicia presentará certificación académica en que conste a nota media simple, obtida segundo establece a Resolución do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos.

O alumnado procedente doutras universidades presentará certificación académica en que conste a nota media simple, obtida segundo establece o Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro.

13. No caso de persoas con requisitos de acceso en que non se poida determinar a nota media ou que non se achegue a documentación que permita o seu cálculo, estas concorrerán no proceso de admisión cunha cualificación de 5,00.

Artigo 23. Acceso mediante titulacións obtidas fóra do territorio do Estado español.

1. Para o acceso empregárase a nota que figure na credencial definitiva de homologación dos estudos correspondentes cos españois que se empreguen para o acceso. No caso de non estar consignada nota para o acceso, participará cunha cualificación de 5,00.

2. Quen aínda non obtivese a credencial indicada anteriormente e achegue solicitude de inscri-

ción condicional, participará cunha cualificación de 5,00.

CAPÍTULO VII

RECLAMACIÓNS E RECURSOS

Artigo 24. *Reclamacións.*

1. As listaxes de solicitantes e as adxudicacións de prazas correspondentes ao segundo curso do réxime ordinario poderán ser obxecto de reclamación ante a dirección dos centros docentes públicos no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de publicación, quen resolverá no prazo máximo de cinco días hábiles.

2. Os acordos e as decisións que sobre a admisión do alumnado adopte quen exerza a titularidade dos centros privados concertados poderán ser obxecto de reclamación polas persoas interesadas perante os propios titulares dos centros no prazo máximo de cinco días hábiles. Contra as resolucións destas reclamacións poderá presentarse denuncia ante os/as xefes/as territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por incumprimento das normas que regulan a admisión do alumnado. A resolución dos/das xefes/as territoriais porá fin á vía administrativa.

Artigo 25. *Recursos.*

1. Contra a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e as listaxes de adxudicación de prazas dos procesos centralizados de admisión poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente listaxe definitiva, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Contra a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e as listaxes de adxudicación de prazas co-

rrespondente ao segundo curso do réxime ordinario, e contra o resto de resolucións do proceso centralizado non recollidas no punto 1 deste artigo poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente listaxe definitiva, ante o/a xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Dentro dos prazos legais, o recurso de alzada e a reclamación deberán resolverse de xeito que se garanta a adecuada escolarización do alumnado.

4. A presentación de reclamacións ante a dirección dos centros docentes públicos, ou a de recursos ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, así como a súa resolución, non implicará a paralización do proceso de admisión e matrícula.

Artigo 26. *Protección de datos de carácter persoal.*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Alumnado", co obxecto de xestionar este procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxftp@xunta.es.

Artigo 27. *Consentimentos e autorizacións.*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Xa que logo, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos esixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. Ás solicitudes das persoas interesadas deberánselles achegar os documentos ou as informacións que se prevén nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 28. *Modelos normalizados de formularios.*

Para calquera outro trámite distinto da presentación da solicitude, a sede electrónica da Xunta de Galicia ten ao dispor das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

INFRACCIÓN DAS NORMAS DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

Artigo 29. *Infraccións das normas de admisión do alumnado.*

1. O Consello Escolar dos centros docentes públicos responsabilizarase de que a adxudicación de prazas en oferta completa polo réxime ordinario e oferta parcial de ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas se ataña ao disposto nesta orde. Nos centros privados concertados, o seu Consello Escolar velará para que quen exerza a súa titularidade realice a adxudicación do mesmo xeito. En ningún caso o número de prazas adxudicadas poderá ser superior ao autorizado.

2. As responsabilidades en que se poida incorrer como consecuencia da infracción das normas sobre admisión do alumnado nos centros docentes públicos esixiranse consonte os procedementos que en cada caso sexan de aplicación.

3. A infracción de tales normas nos centros docentes privados concertados poderá dar lugar ás sancións por incumprimento do concerto previstas na disposición derradeira primeira, número 10, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que modifica a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Disposición adicional primeira. *Acreditación de condicións específicas de acceso do alumnado a determinadas ensinanzas profesionais.*

1. De conformidade co artigo 47.4 do Real decreto 1147/2011, para acceder, independentemente da oferta, a determinadas ensinanzas de formación profesional que, polo seu perfil profesional, requiran determinadas condicións psicofísicas ligadas a situacións de seguranza ou saúde, poderase requirir a achega da documentación xustificativa necesaria ou a realización de determinadas probas, sempre que así se indique na norma pola cal se regule cada título.

2. Cando se trate de persoas con discapacidade, estes requisitos adicionais deberán respectar a lexislación en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade univer-

sal.

Disposición adicional segunda. *Tramitación de información.*

Os centros de inscrición tramitarán a información e a documentación referente ao alumnado participante a través da aplicación informática facilitada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou por calquera outro medio que esta determine.

Disposición transitoria primeira.

No caso das persoas que posúan un título de graduado en educación secundaria obrigatoria obtido tras cursar unha modalidade de FP básica sen se ter sometido á avaliación final da educación secundaria obrigatoria a que fai referencia o punto 1 do artigo 44 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, accederán ás prazas dos ciclos formativos de grao medio reservadas para as persoas con título profesional básico.

Disposición transitoria segunda.

As persoas que cumpran o disposto no artigo 8.3, matriculadas no curso 2015-2016 nalgún módulo dun ciclo formativo e que non causasen baixa poderán participar no proceso de admisión para o réxime de persoas adultas do curso 2016-2017, sempre que soliciten módulos dese mesmo ciclo formativo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde e, en concreto, a Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas,

así como os artigos 3 a 8 da Orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial.

Disposición derradeira primeira. *Autorización para o desenvolvemento desta orde.*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para aplicar e interpretar o contido desta orde, para ditar as normas precisas para o seu desenvolvemento e para fixar os prazos dos procedementos previstos nela para a admisión de solicitudes e formalización de matrícula nas ensinanzas obxecto dela, e tamén para regular ofertas de formación profesional inicial para determinados colectivos específicos de poboación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, __ de __ de __.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

INSÍRASE NO DOG



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos.	ED519A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF/PASAPORTE	
TIPO		NOME DA VÍA		NÚMERO		BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			
NACIONALIDADE						DATA DE NACEMENTO	

E, NA SUA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito).

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
------	------------------	-----------------	---------------

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO		NOME DA VÍA		NUM		BLOQUE	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR					
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS (obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade).
 A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais. Nos casos de separación ou divorcio destes/as, será necesaria a sinatura de ambas as persoas proxenitoras, agás nos supostos de alienación afectada por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

GRAO POLO QUE PARTICIPA:
 (De desexar participar no proceso de admisión nos dous graos, deberá cubrir e entregar unha solicitude separada para cada grao).
 Grao medio.
 Grao superior.

CURSO QUE SOLICITA:

- 1º curso por primeira vez no centro.
- Replite 1º curso por primeira vez no mesmo centro.
- 2º curso (promoción de 1º a 2º curso no mesmo centro).
- Replite 2º curso por primeira vez no mesmo centro.
- 2º curso (procede doutro centro ou doutro ciclo).
- Matriculación do módulo de FCT (e/ou proxecto, no caso de grao superior).

COTAS RESERVADAS:
 (Soamente quen cumpra os requisitos legalmente establecidos).
 Solicita participar pola cota reservada para persoas con discapacidade legalmente recoñecida.
 Solicita participar pola cota reservada para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

Orde de preferencia dos ciclos do réxime ordinario nos que solicita participar no proceso de admisión para o curso 20__/20__:
(No caso de alumnado repetidor ou no caso de promocionar de 1º a 2º curso, indicar só o ciclo correspondente).

Orde	Código do centro	Nome do centro	Código do ciclo	Nome do ciclo
1º				
2º				
3º				
4º				
5º				

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Que coñece o establecido sobre o carácter provisional da solicitude de matrícula, condicionada a que haxa un número mínimo, segundo o establecido na normativa vixente, de solicitudes de matrícula admitidas.
- Que cumpre algún dos requisitos de acceso a ciclos formativos do grao solicitado (en caso de ter máis de un, sinala soamente o primeiro que apareza na lista).
 - Título universitario.
 - Título de técnico superior.
 - Título de técnico especialista.
 - Título de bacharelato LOXSE.
 - Título de bacharelato LOE.
 - Título de bacharelato LOMCE.
 - Certificado de superación de todas as materias do bacharelato LOMCE.
 - COU/PREU/ bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes.
 - BUP.
 - Título de técnico (no caso de posuír máis de un, especifique o que desexa empregar para o proceso de admisión).
Título de técnico
 - Título de técnico auxiliar.
 - Título da ESO LOE ou LOXSE.
 - Título da ESO con avaliación final pola opción de ensinanzas aplicadas (LOMCE).
 - 2º de BUP.
 - 2º curso de primeiro ciclo experimental da REM.
 - Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimentais.
 - Título profesional básico de
 - Módulos obrigatorios dun PCPI.
- No caso de non ter requisitos do apartado anterior marque un dos seguintes segundo corresponda co grao solicitado.
 - Curso de formación específico para o acceso a ciclos formativos de grao medio.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.
 - Proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Que os estudos que alega para o acceso se realizaron no estranxeiro (sinala o que proceda).
 - Credencial de homologación.
 - Solicitude de inscrición condicional.
 País:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.
- Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- Certificación académica na que conste expediente académico e o depósito do título, de ser o caso (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificado de superación da proba de acceso ao ciclo formativo (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificado de superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
- Certificado de superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Certificado do grao de discapacidade (achegar o documento só no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificación da resolución de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- Credencial de homologación dos estudos obtidos no estranxeiro.
- Solicitude de inscrición condicional (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro pendentes de homologación).

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, a consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde para finalización do procedemento ao que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.
•SI • Non (neste caso achegárase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de titulacións non universitarias e universitarias que constan en poder do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

•SI • Non (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos académicos que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

•SI • Non (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos do certificado de discapacidade que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

•SI • Non (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sfp@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE
 Orde do ___ de ___ de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data: _____ de _____ de _____ de _____ de _____

(Cadro de imaxes que se inclúen cando ten entes cofinanciadores)




UNIÓN EUROPEA
 "Iniciativa de Base Europea"
 "OPPE FUND ALI BILBIL"

Nome do centro educativo: _____ Código do centro: _____





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior no réxime para as persoas adultas en centros sostidos con fondos públicos.	ED519A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
TIPO	NOME DA VÍA	NUMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
PARROQUIA	LUGAR		
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELEFONO	TELEFONO MOBIL	CORREO ELECTRONICO	
NACIONALIDADE	DATA DE NACEMENTO		

E, NA SUA REPRESENTACION (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito).

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
------	------------------	-----------------	---------------

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACION (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO	NOME DA VÍA	NUM	BLOQUE ANDAR PORTA
PARROQUIA	LUGAR		
CODIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELEFONO	TELEFONO MOBIL	CORREO ELECTRONICO	

DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS OU REPRESENTANTES LEGAIS (obrigatorio no caso de solicitudes de menores de idade).
 A solicitude deberá ser asinada pola persoa solicitante. Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais. Nos casos de separación ou divorcio destes/as, será necesaria a sinatura de ambas as persoas proxenitoras, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a unha delas. Nestes casos, cumprirá presentar, coa solicitude, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

GRAO POLO QUE PARTICIPA:
 (De desexar participar no proceso de admisión nos dous graos, deberá cubrir e entregar unha solicitude separada para cada grao).
 Grao medio.
 Grao superior.

MODALIDADE QUE SOLICITA:
 (De desexar participar no proceso de admisión nas dúas modalidades, deberá cubrir e entregar unha solicitude separada para cada modalidade).
 Presencial.
 Semipresencial e a distancia.

COTAS RESERVADAS:
 (Soamente quen cumpra os requisitos legalmente establecidos).
 Solicita participar pola cota reservada para persoas con discapacidade legalmente recoñecida.
 Solicita participar pola cota reservada para deportistas de alto nivel ou alto rendemento.

Preferencia de ciclos e módulos do réxime paras as persoas adultas nos que solicita participar no proceso de admisión para o curso 20__/20__:

Orde	Código do centro	Nome do centro	Código do ciclo	Nome do ciclo
1°				
	Código do módulo	Nome do módulo	Código do módulo	Nome do módulo
Orde	Código do centro	Nome do centro	Código do ciclo	Nome do ciclo
2°				
	Código do módulo	Nome do módulo	Código do módulo	Nome do módulo
Orde	Código do centro	Nome do centro	Código do ciclo	Nome do ciclo
3°				
	Código do módulo	Nome do módulo	Código do módulo	Nome do módulo
Orde	Código do centro	Nome do centro	Código do ciclo	Nome do ciclo
4°				
	Código do módulo	Nome do módulo	Código do módulo	Nome do módulo

Bareación:
 (Marque os que proceda segundo as súas circunstancias e que desexe que se teñan en conta para os efectos do cálculo do baremo).
 Vida laboral.
 Módulos xa superados.
 Unidades de competencia acreditadas.

BORRADOR

A. PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que cumpre os requisitos de idade para o acceso ao réxime de persoas adultas.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que coñece o establecido sobre o carácter provisional da solicitude de matrícula, condicionada a que haxa un número mínimo, segundo o establecido na normativa vixente, de solicitudes de matrícula admitidas.
4. Que cumpre algún dos requisitos de acceso a ciclos formativos do grao solicitado (en caso de ter máis de un, sinala soamente o primeiro que apareza na lista).
 - Título universitario.
 - Título de técnico superior.
 - Título de técnico especialista.
 - Título de bacharelato LOXSE.
 - Título de bacharelato LOE.
 - Título de bacharelato LOMCE.
 - Certificado de superación de todas as materias do bacharelato LOMCE.
 - COU/PREU/ bacharelato sen modalidade ou outros equivalentes.
 - BUP.
 - Título de técnico (no caso de posuír máis de un, especifique o que desexa empregar para o proceso de admisión).
 - Título de técnico
 - Título de técnico auxiliar.
 - Título da ESO LOE ou LOXSE.
 - Título da ESO con avaliación final pola opción de ensinanzas aplicadas (LOMCE).
 - 2º de BUP.
 - 2º curso de primeiro ciclo experimental da REM.
 - Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimentais.
 - Título profesional básico de
 - Módulos obrigatorios dun PCPI.
5. No caso de non ter requisitos do apartado anterior marque un dos seguintes segundo corresponda co grao solicitado.
 - Curso de formación específico para o acceso a ciclos formativos de grao medio.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional.
 - Proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
 - Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
 - Experiencia profesional relacionada co ciclo ao que desexa acceder (soamente se poderá matricular en módulos asociados a unidades de competencia).
6. Que os estudos que alega para o acceso se realizaron no estranxeiro (sinala o que proceda).
 - Credencial de homologación.
 - Solicitude de inscrición condicional.
 País:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.
- Copia do pasaporte ou do documento de identificación da Unión Europea, cando non se dispoña de DNI ou NIE.
- Certificación académica na que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificación académica na que conste o expediente académico e os módulos xa superados do ciclo ou ciclos que desexa cursar (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificado de superación da proba de acceso ao ciclo formativo (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificado de superación da proba de acceso a universidade para maiores de 25 anos.
- Certificado de superación da proba de acceso a ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
- Certificación da vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou pola mutualidade que corresponda.
- Certificación da(s) empresa(s) onde se adquiriu a experiencia laboral, segundo o modelo de anexo III desta orde (achegar só no caso de non ter ningún outro requisito de acceso).
- Certificación oficial na que se acrediten unidades de competencia relacionadas cos ciclos solicitados (achegar o documento no caso de que a Administración educativa de Galicia non dispoña del ou no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificado do grao de discapacidade (achegar o documento só no caso de non autorizar a súa consulta).
- Certificación da resolución de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.
- Credencial de homologación dos estudos obtidos no estranxeiro.
- Solicitude de inscrición condicional (no caso de titulacións obtidas no estranxeiro pendentes de homologación).

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 35.f da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e co artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a devandita documentación está vixente e que non transcorrerán máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponde.

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

• Sí • Non (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de titulacións non universitarias e universitarias que constan en poder da Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

• Sí • Non (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos académicos que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

• Sí • Non (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos de acreditación de competencias do sistema educativo que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

• Sí • Non (neste caso achegarse a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para consultar os datos do certificado de discapacidade que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

• Sí • Non (neste caso achegarse a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxtp@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do ___ de ___ de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data: _____ de _____ de _____

(Caixa de imaxes que se inclúen cando ten entes cofinanciadores)

	 <p>UNIÓN EUROPEA "Todos miembros de 'Nuestro Europa'" "Todos aliados en las Islas"</p>
---	---

Name do centro educativo: _____ Código do centro: _____

ANEXO III

Modelo de certificación de actividades desenvolvidas na empresa

DATOS DA EMPRESA (débase xuntar unha certificación acreditativa por cada empresa onde se desenvolvera a actividade)			
NOME	ACTIVIDADE ECONÓMICA	NIF	
RAZÓN SOCIAL			
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE/Pasaporte
CARGO			
DATOS DO TRABALLADOR OU DA TRABALLADORA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE/Pasaporte
ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS (débense cubrir tantas táboas como actividades diferentes se desenvolveran na empresa)			
1. Descrición da actividade laboral desenvolvida e das tarefas que inclúe:			Nº de días e horas de dedicación:
2. Máquinas, equipamentos e ferramentas empregados, e grao de destreza no seu manexo:			
3. Materiais utilizados para o traballo:			
4. Información manexada (planos, esquemas, información telemática, instrucións diarias, etc.):			
5. Resultados da actividade desenvolvida:			
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE DA EMPRESA			
E para que conste e teña efectos onde proceda, por instancia da persoa interesada expido esta certificación:			
(Sinatura e selo da empresa)			
Lugar e data			
	,	de	de